

## O PROBLEMA

A falta de normalización dos nomes dos investigadores, e dos seus centros de traballo, nas publicacións científicas e nas principais bases de datos reduce a súa visibilidade a nivel nacional e internacional e dificulta facer o seguimento das publicacións realizadas e das veces que foron citados os autores.

É evidente que no contexto no que estamos, no que valores como o índice h de Hirsch ou o factor de impacto teñen unha grande importancia na avaliación dos investigadores, a identificación rápida e unívoca faise imprescindible.

## AS FERRAMENTAS

Neste camiño, temos varias ferramentas que nos poden facilitar o traballo.

Dunha banda contamos cun documento elaborado para a FECYT polos grupos EC3 da Universidade de Granada e o de Análise Cuantitativa de Ciencia e Tecnoloxía do CINDOCCSIC en 2007 co nome de *Propuesta de manual de ayuda a los investigadores españoles para la normalización del nombre de autores e instituciones en las publicaciones científicas*, no que aparecen pautas sobre como asinar as publicacións e nomear o centro de traballo.

O antedito documento témoloo accesible en liña, en formato PDF, na seguinte URL: [http://www.accesowok.fecyt.es/wp-content/uploads/2009/06/normalizacion\\_nombre\\_autor.pdf](http://www.accesowok.fecyt.es/wp-content/uploads/2009/06/normalizacion_nombre_autor.pdf).

Tamén no sitio web da FECYT, e como complemento ao anterior, atopamos unha serie de recomendacións sobre a construción, estandarizada, de direccións de correo electrónico e URLs: [http://www.accesowok.fecyt.es/wp-content/uploads/2009/06/recomendaciones\\_web.pdf](http://www.accesowok.fecyt.es/wp-content/uploads/2009/06/recomendaciones_web.pdf).


Doutra banda temos varias iniciativas que buscan xestionar os nomes dos autores asignándolles un identificador e/ou normalizando o seu nome:

- **ResearcherID** é unha ferramenta da Web of Knowledge [WOK] que aspira a elaborar un catálogo de investigadores perfectamente identificados polo seu nome e área de traballo, incluíndo toda a súa bibliografía. Isto é especialmente interesante, xa que permite enlazar cos documentos da base de datos Web of Science [WOS].



The screenshot shows a ResearcherID profile for 'González, L.' with a ResearcherID of 1996-2919. It includes fields for 'Other Names', 'E-mail', 'URL', 'Subject', 'Keywords', 'Description', and 'My URLs'. The 'Publications' section is visible, showing a list of publications with details like title, author, source, and citation metrics.


Inclúe ferramentas [como 'Citation Metrics'], coas que obter información interesante para a avaliación da investigación, como o índice h ou a cantidade de veces que foron citados os artigos, sempre referido á información que aparece en WOK.



Podedes acceder a ResearcherID a través da páxina da WOS ou en <http://rid.accesowok.fecyt.es/Home.action>. Para utilizalo tedes dispoñible unha guía que podedes descargar na web da biblioteca da Facultade de Ciencias, en <http://bit.ly/glqrYQ>.

Ademais é interesante saber que os investigadores poden solicitar a Thompson Reuters cambiar o modo en que aparece o seu nome nos artigos das súas bases de datos, co fin de igualalos.

- **Researcher Identification Primer** é un proxecto do GEN2PHEN Knowledge Centre, subvencionado pola Comunidade Europea, e especialmente centrado en temas de Biomedicina e Xenética. Atoparedes máis información sobre esta iniciativa na súa páxina web: <http://www.gen2phen.org/researcher-identification-primer>



The screenshot shows the 'User account' registration form on the GEN2PHEN Knowledge Centre website. It includes fields for 'Email', 'Confirm e-mail address', 'Password', and 'Confirm password'. There are also checkboxes for 'I agree to the terms and conditions' and 'I agree to the privacy policy'. The form is titled 'User account' and has a 'CREATE NEW ACCOUNT' button.

- En España contamos con **IraLis** [International Registry for Authors: Links to Identify Scientists], pensado como un rexistro de investigadores que publiquen en lingua española.

Supón un xeito sinxelo de normalizar os nomes con varios apelidos e gardar as posibles variantes utilizadas ao longo dos anos. Ademais inclúe o número do ResearcherID e permite relanzar as buscas sobre os nomes rexistrados en varios buscadores de Internet.



Todos eles son recursos moi fáciles de usar e os rexistros fanse nuns poucos minutos. A cambio, obteremos unha **maior visibilidade no entorno científico e un mellor recoñecemento dos datos persoais de cada investigador.**

Todo isto co fin de facilitar os contactos, mellorar os niveis de citación e posibilitar que os artigos queden ligados aos seus autores definitivamente.



**Facultade de Ciencias**  
**Biblioteca**

# Identificarse como investigador

**Biblioteca da Facultade de Ciencias**

Campus da Zapateira, s/n  
15071 A Coruña

Tfno. 981 167 000 ext. 2059

Correo electrónico: [ciencias.bib@udc.es](mailto:ciencias.bib@udc.es)

<http://ciencias.udc.es/biblioteca>



<http://www.facebook.com/BiblioCiencias>

<http://www.twitter.com/BiblioCiencias>

GUÍA BREVE